

Monforte
recibiu dez mil
visitantes ao
Festival do
Viño da
Ribeira Sacra



Páxina 6

Congreso
Internacional
da Historia da
Educación en
Monforte



Páxina 7

A Xunta
rehabilitará a
Casa-Torre da
Tinería para o
turismo
enogastronómico



Páxina 8

O Folión de
carros de
Chantada será
en agosto



Páxina 9

Adegas Vella,
Acio de Ouro
para o tinto en
barrica



Páxina 10



Acudiu á Cámara para acreditarse coma deputado tras dous anos compatibilizando a súa profesión como profesor universitario e secretario xeral do PSdeG

Gonzalo Caballero require a Feijoo que “aclare” o calendario electoral e que acometa o relevo da Valedora do Pobo

Páxina 18

CONFITERIA

Regino

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Un proxecto de País, un proxecto social

Falta no galeguismo político un proxecto de país que, ao tempo, constituía un proxecto para as maiorías sociais, como si existía no Partido Galeguista no 1932-1936 e no BNG nos 1997-2009. Ou, na actualidade, no PNV, no escocés SNP ou no galés Plaid Cymru.

PNV, SNP e Plaid Cymru propoñen arestora proxectos claramente nacionais e soberanistas, mais fundamente inclusivos (migrantes de calquera etnia, nacionais retornados), ben alicerzados nos valores do desenvolvemento sostíbel e na igualdade. Propoñen pro-

xectos sociais onde o precariado e as persoas máis vulnerábeis están no foco dos servizos sociais sen deixar de apoiar o emprendemento empresarial e o incremento da prosperidade. Países autocentrados economicamente e socialmente xustos.

A cidadanía galega vive os seus problemas dende o recorte dos servizos públicos, as fragmentacións e localismos fomentados dende os Poderes e dende a atribución de culpabilidades aos que son febles ou diferentes. No noso País temos moitos problemas graves, dende a consunción demográfica, a irrelevancia

económica, a emigración da nosa mocidade máis cualificada ou a perda da nosa lingua e cultura. É evidente que só dende un galeguismo político, transversal e de forte contido social se lle pode dar resposta a estes problemas. Mais o que hai hoxe, despois de dez anos de queda e implosión galeguista, non pode-aínda- nin construír nación, nin facer a xustiza social, nin ser gañador.

A boa nova é que estes parámetros serían subscritos polas maiorías sociais galegas, por máis dun 30% da cidadanía, se o galeguismo político fose quen de dar coa linguaxe para ofrecer este duplo proxecto nacional e social. Promotor do desenvolvemento económico, nomeadamente industrial, mais dende a sostibilidade ecolóxica. Afirmando da soberanía nacional galega

aproveitando as sinerxias estatais, europeas, lusófonas e iberoamericanas. Construtor dunha sociedade de servizos sociais avanzada que arrumbe coa pobreza e co precariado, ao tempo que agasalle o emprendemento empresarial que saiba xogar na normativa ambiental, fiscal e social propia dun país europeo avanzado.

O galeguismo político é o único sector ideolóxico que pode conxugar estes principios nacional e social e ofrecernos un proxecto para a Galicia do futuro. Mais para chegar aló compre integrar aínda moitas sensibilidades e moitos sectores. Compre moita intelixencia e moita xenerosidade.



Espionaxe no Ministerio

Josep Borrell ten unha traxectoria controvertida, como político e como cidadán. Tivo que demitir como candidato do PSOE ao goberno do Estado no 1999 por mor da súa culpa in eligendo e grande proximidade persoal a respecto do corrupto Josep María Huguet (inspector-xefe da facenda estatal en Catalunya canda Borrell secretario de estado de facenda), condenado a case sete anos de cárcere por varios importantes subornos. No 2012 tivo que demitir como director do Instituto Universitario Europeo da inmortal Firenze ao se descubrir que percibía 300.000 €/ano como conselleiro de Abengoa, retribución incompatible co aquel seu cargo. En novembro de 2018 foi sancionado pola Comisión do Mercado de Valores (CNMV) con 30.000 € de multa (sanción definitiva, ao non

a recorrer xudicialmente en tempo) por usar información privilexiada cando vendeu accións da súa antiga dona antes da perda de valor da enerxética andaluza.

Agora a Avogacía do Estado ven de recorrer no Tribunal Superior de Xustiza de Catalunya a reapertura das oficinas exteriores da Generalitat en Londres, Xenebra e Berlín, por seica destinar recursos e actividades para difundir as teses "independentistas". E para alizar esta reclamación achegáronse dados e documentos "reservados" obtidos a medio da ilegal espionaxe ao persoal desas oficinas.

O máis grave, dende a perspectiva global europea, é que esta espionaxe atinxiu persoas alleas ao Goberno catalán. No Reino Unido ao deputado en Westminster (MP) galés do Plaid Cymru

, Hywell Williams e a outros MP da Comisión do Parlamento de Westminster que estuda a cuestión de Catalunya. Mesmo semella que poderían estar entre as persoas espiadas o presidente da Cámara dos Comúns, John Bercow e mesmo á first minister escocesa Nicola Sturgeon.

O asunto vai ter un longo percorrido, pois que só se coñece unha mínima parte do que sucedeu. Mais o que fica claro é que un ministro do Goberno do Estado espiou ou autorizou actividades ilegais de espionaxe a respecto doutros servidores públicos no exercicio das súas funcións e tamén a respecto de gobernantes e deputados doutros Estados europeos.

Hai motivos abondo para que Borrell non prorrogara nin un só día máis o seu mandato ministerial en funcións e renunciase axiña á dirección da política exterior europea para a que ven de ser cooptado polo Consello Europeo. Porque

encomendarlle a diplomacia europea a un político desta caste é tanto como pór ao raposo ter conta das pitas.

MARTIRENA



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Témez Fernández - Isidoro Gracia - Fco. Puñal Suárez - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez.

PORTUGAL: Vialé Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - João Martinho.

MADRID: -Juan Louzán - **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra - **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto - Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hernanizer Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex -Fuco Buxán.

Depósito legal: VG-138-2015

NOVAS DO **EIXO ATLÁNTICO**
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Este vaise e aquel vaise...

Rosalía deixounos un sentidos versos sobre a marcha dos galegos na percura de mellores formas de vida. Castelao dixo "os galegos non protestan, emigran". Dúas verdades coma dous templos góticos ou románicos, que de todo temos por estas terras da Gallaecia romana.

O Estado Español franquista-borbónico debátese nestes momentos diante dunha situación inesperada: para formar goberno precisáanse varias forzas políticas; no caso das esquerdas (por chamarlle algo suave) atopámonos con dous partidos que non se poñen de acordo.

Os socialistas trunfantes das ultimas eleccións xerais están comandados polo Rei (ese que din non goberna que só reina) para que forme un goberno que consiga o beneplácito do Parlamento. Non ten votos suficientes (176) e precisa doutros partidos. O parecer o seu socio natural chámase Podemos, pero este partido dí que se vai ser compañeiro de fatigas debe ter dereito a un anaco da tarta do Poder. Aquí é onde os barcos van dar as rochas. Pedro Sánchez non acepta ter ministros de Podemos que lle marquen o paso e non lle deixen maniobrar a esquerda ou a dereita. Podemos di que se son necesarios deben formar parte das decisións do novo goberno. Están nestes momentos que escribimos nun impase, nun tempo morto que dirían os deportistas, sen decidir retomar negociacións ou presentarse no Parlamento a ver que pasa.

Pedro Sánchez disposto a arriscar o seu nomeamento coma Presidente do novo goberno; Podemos ameazando que poden votar en contra e frustrarlle

o nomeamento.

E namentras nós, pobre votantes de apé, esperando que non se lle ocorra voltar a chamarnos para votar de novo. Que temos que dicirlle, se así o fan? Mandalos a paseo e que se vaian á Oposición e deixen campo libre a dereita que está afilando os dentes para volta a pillar cacho? Congregar todos os votos nunha opción política que sexa quen de gobernar soa? Difícil resposta.

Nin o PSOE sacaría maioría absoluta (176 deputados), nin Podemos conseguiría tanta forza que ninguén se atrevería a disputarlle o seu dereito a estar presente nun goberno de coalición.

Alá eles. A nós non nos piden opinión. Xa llela demos no seu día, aínda que fora a forzas políticas diferentes que nestes momentos pouco pintan nesta partida de trileiros.

Galicia é outro mundo. Ben que se chame Celanova, como dixo o poeta; ven que se chame Cuspedriños Darriba. Nós xogamos noutra liga. Mellor, nós non xogamos. Quedamos tan desentrenados que se presentan una e outra liga e como se nada. Xuntámonos uns cos outros; o viño co aceite e a auga e non coseguímoa un produto aceptable para o consumo político. Se chegamos a conformar un grupo que puidera parecer aceptable para dar un pequeno berro en Madrid, de pronto saen os enanos da política e botan todo a perder. Parecera que mellor ser cabezas de rato que rabo de león. Aos leóns do Parlamento non lle damos frío nin calor. Apenas nos ven entre tantos como entran por aquelas portas todos os días.

Galicia non está en Madrid nin se lle espera. Alí están os vascos que imponden condicións e lle son aceptadas. ¡¡Qué remedio!! Alí están os cataláns cunha representación cada día máis aumentada, aínda que a prensa canallesca deste País digan e redigan que son uns depravados, uns irresponsables, que queren romper España, etc.etc. Nestes momentos presentanse no Parlamento do Estado cun lote de deputados que non se pode ignorar. Galicia...ú-la?

Os galegos servimos para levarlle o portafolios a políticos que se fixeron importantes vindo por estas terras e contándonos películas de vaqueiros. Démolles os nosos votos e foronse a Madrid para intervir en asuntos de moito caletre. Galicia ven pode esperar a outra ocasión. Outra A.G.E.; outra En Marea que remate máis ou menos mareada coma a actual, ou calquera outra cocurrencia nosa (niso somos expertos) que sirva para que "novos valores" se boten á carretera, tomen uns viños e solten uns preciosos discursos que alguén aplaude (obviamente, todos teñen una pequena parroquia).

Estamos a punto de celebrar o Día da Patria Galega. Bueno, iso dicímo-lo uns cantos, porque moitos falan do Día de Galicia, do día do Apóstolo, etc. Aquí `por sentimentos que non quede. Somos una especie de laboratorio político-sentimental e temos tódalas opción po-

sibles. Din que Franco deixou dito que a un galego lle dan un mando e x atemos un xeneral. Ao mellor non ía demasiado errado.

Nós, un chisco aburridos de ter que escribir todos os anos das nosas miserias, só nos queda desexarlles pasen un bo día 25 de xullo (chámenlle como gusten) na compañía das súas familias e amigos. Aí, nese campo da amizade e solidariedade non hai quen nos gane.

Manteñámonos unidos como amigos e disfrutemos a nosa maneira. Os políticos que fagan política pero que non nos tomen por parvos. Pode ocorrer que se presenten a unas eleccións e decidamos non asistir as urnas. Todo é posible.

Sexan felices.

MARTIRENA



FUCO PRADO



Galicia

Sala Numax, catro anos arriscando polo cinema e a creación independente

A Sala Numax leva catro anos funcionando no centro de Santiago. Logo do peche de varias salas comerciais de cinema, este proxecto creado en forma de cooperativa e que aglutina varias áreas de creación, axudou a renovar as concepcións sobre a exhibición de filmes.

Numax Sociedade Cooperativa é unha idea nacida hai algo máis de catro anos. A raíz desta idea foi querer encher o baleiro que deixaba o peche das salas de cinema que quedaban en Santiago. Mais tamén quixeron xunir esta idea coa de ofrecer diferentes servizos como o deseño, a edición audiovisual, a exploración de novas vías para a creación, unha librería de encontros cos autores e autoras ademais de converter os socios e socias en participantes activos no traballo diario.

O concepto de Numax foi tomando forma a partir dun encontro onde saíu un comentario hai xa seis anos. Daquela unha parte da xente que hoxe forma a cooperativa estaba en Barcelona, outra traballando en réxime de autónomos por Galicia adiante e outra xente buscaba como podía o seu sustento dentro de áreas profesionais para as que se prepararan. Non obstante, a partir daquel verán de 2013 a idea foi collendo corpo.

“Falando coa profesora Margarita Ledo en Barcelona, dixera que se botaba de menos un cinema no centro da cidade de Compostela, logo do peche de todas as salas de proxección” di Ramiro, un dos integrantes de Numax. “A partir dese comentario comezo a estudar a posibilidade de materializar un proxecto que recollase a exhibición de cinema

e tamén as capacidades profesionais dunha serie de persoas próximas que xa tiñamos participado noutros proxectos conxuntos”.

O proxecto en si era innovador, realizar diferentes actividades baixo o paraugas dunha mesma sociedade cooperativa. “É difícil encontrar proxectos similares en todo o Estado, podes dar con propostas parecidas mais están vinculadas a centros de arte ou institucións públicas, ademais de sermos a primeiro cinema cooperativa do Estado”. Ademais, o ministerio de Cultura francés, nun informe sobre o futuro das salas de cinema, mencionou a Numax, a única sala do Estado mencionada no informe, como un exemplo de innovación polo seu sistema de financiamento cooperativo.

Con todo, desde Numax consideran arriscado levar adiante



proxectos coma este. Enténdese que detrás da idea debe haber un traballo polo miúdo tanto no desenvolvemento do modelo de negocio, importante, como en procurar as vías de financiamento que se queren adoptar. Por iso lembran que “España é o único país do noso entorno europeo que carece de liñas de apoio para salas de exhibición independente, como circuitos de salas que fomenten este tipo de cinema”.

O caso é que o cinema no centro de Compostela está asegurado a medio prazo polo menos. A medida que foron

enchendo espazos, Numax foi inseríndose na exhibición de cinema coa súa incorporación como sala, por exemplo, ao festival Cineuropa. Desta maneira, en catro anos a “N” branca e as raías azuis e brancas distintivas da librería-cinema, forman parte xa do ecosistema cultural e de ocio da capital galega.

As diferentes propostas valéronlle a Numax varios recoñecementos ademais de ser mencionada como exemplo de nova vía para a proxección de cinema independente en salas tamén independentes.

Inés Rey apoia a demanda da Confederación de Empresarios sobre a necesidade do corredor Transeuropeo de Mercadorías

Alcaldesa da Coruña, Inés Rey, mantivo un encontro esta tarde co presidente da CEC (Confederación de Empresarios da Coruña), Antonio Fontenla, ao que asistiron tamén os vicepresidentes da CEC, Severino Ares, María Teresa Valdés e Anxo Argiz; a secretaria Xeral, Mariña Graña, e os vogais Patricio Erdhart, Óscar Valcuende e Diego Vázquez Reino.

A alcaldesa cre necesaria a configuración ferroviaria dado que obriga a que as saídas e destinos da Coruña pasen inexorablemente por Vigo, co consecuente prexuízo para os empresarios coruñeses, o Porto e a cidade. A Confederación aposta por un trazado moito máis racional, unindo Monforte con Lugo e A Coruña.

Doutra banda, Rey estudará a



proposta de variar os prazos de pago dos impostos municipais co fin de evitar tensións de tesourería nas empresas posto que no mes de xullo deben abonar as pagas extraordinarias, o pago do IVE e os tributos locais, un esforzo que pode minugar a capacidade dos empre-

dedores.

Ademais, a Confederación de Empresarios presentou a Invest in Cities, foro de cidades atractivas para o investimento, na que participan xa máis dunha vintena de cidades españolas. Rey estudará participar neste proxecto tan novo.

MARTIRENA





COMPOSTELA

CAPITAL DA MÚSICA



Monforte recibiu dez mil visitantes ao Festival do Viño da Ribeira Sacra

O Concello de Monforte organizou o III Festival do Viño da Ribeira Sacra que se celebrou durante tres días no Paseo do Malecón, a carón do río Cabe, e que recibiu a máis de dez mil persoas. O alcalde Xosé Tomé Roca inaugurou o Festival en presenza de autoridades galegas, provincias e locais. Celebráronse obradoiros infantís; abríronse tendas de artesanía e gastronomía e percorréronse rutas do viño. Houbo actuacións musicais dos grupos Nova Galega de Danza, Habelas Hainas e The Tetras Van e da Banda de Gaitas da Deputación de Ourense, que pechou a Festival o último día. O alcalde deu a benvinda aos asistentes, felicitou aos adegueiros e congratulouse da presenza da cantante monfortina Rosa Cedrón quen dio o pregón.

Intervención do alcalde

“Por terceiro ano consecutivo, reunímonos neste fermoso Paseo do Malecón de Monforte cun obxectivo común, promocionar o viño da Ribeira Sacra. Unha iniciativa municipal que

botou a andar en 2017 en colaboración coa Denominación de Orixe da Ribeira Sacra, cunha clara vocación de consolidarse no tempo, que hoxe xa lle poñemos 3 velas e espero que siga sumando moitas máis. O viño foi o elemento central do desenvolvemento e do crecemento exponencial que tivo a Ribeira Sacra nos últimos 25 anos en todos os aspectos: cultural, paisaxístico, gastronómico, artesán, e turístico. Polo tanto, promocionar os nosos viños é o mesmo que promocionar a Ribeira Sacra.


Quero dar un agradecemento especial ós adegueiros que están aquí presentes neste Festival. Polo seu compromiso, polo seu esforzo e pola súa colaboración, porque gracias á súa xenerosidade imos poder disfrutar dun evento que proxecta a calidade e a excelencia dos nosos viños nun mercado moi amplo e que fai de reclamo para esta Comarca Única, a cabalo entre Lugo e Ourense, con paraxes espectaculares que a natureza nos regala nas orlas dos ríos Miño, Sil, e por suposto do río Cabe que o



Visitantes da terceira edición do Festival do Viño da Ribeira Sacra



Nesta edición participaron 25 adegas das 5 subzonas da Ribeira Sacra



temos aquí ó noso carón.

Esta mostra do conxunto da Ribeira Sacra, con adegas que representan ás 5 subzonas reforza a imaxe dun destino turístico que está de moda e que xira entre outras cousas, entorno á viticultura, e temos a obriga de saber aproveitar este momento tan favorable.

Este evento non pretende competir con ninguén, todo o contrario, pretende sumar e unir esforzos, poñendo o colofón ás magníficas Feiras do Viño que se celebran en varios concellos da Denominación de Orixe. Por iso, o Concello de Monforte fai o esforzo necesario que merece unha celebración deste tipo, porque estamos diante dunha inversión que vai ter o seu retorno na economía de Monforte e da Comarca da Ribeira Sacra, da que se van beneficiar todos os sectores económicos. O traballo feito polo sector do viño nas últimas tres décadas, merece este esforzo e danos argumentos para sentirmos orgullosos do que temos alcanzado, convertendo xa ó sector do viño nunha peza clave na economía da comarca, compaxinando a tradición do cultivo en terraza coa innovación tecnolóxica na elaboración dun viño de calidade en bodega, que compite con calquera denominación do Estado español.

O sector do viño, ten por diante un gran potencial, que segue medrando e buscando novas fórmulas de atracción para clientes e turistas, por iso, dende este escaparate do conxunto da Ribeira Sacra, imos seguir traballando en colaboración cos adegueiros, porque traballando en equipo, e sumando esforzos, multiplicaremos os efectos positivos que pretendemos.

Eu sempre digo, que xuntos ofrecemos máis e mellores posibilidades para que a xente que nos visita, quede satisfeita e volva, ou recomende visitar a Ribeira Sacra.

Este é un evento para desfrutar o viño, nun ambiente tranquilo, cos amigos, coa familia, ou como crea cada un que é máis conveniente dende o punto de vista persoal.

Por iso, esta non é a feira de ninguén, isto é o Festival de todos os que amamos o viño da Ribeira Sacra.

Agradezo a colaboración de Rosa Cedrón, a madriña deste Festival, unha monfortina que exerce como tal alí por onde vai, e que cando a chamei púxose inmediatamente á nosa disposición. Así que, gracias Rosa pola túa xenerosidade, e para min e para todos nós, é unha honra que nos acompañes para axudar a contar as excelencias do viño, do viño da Ribeira Sacra”.

Congreso Internacional da Historia da Educación en Monforte

Monforte foi sede do XX Coloquio-Congreso Internacional Historia de la Educación: Identidades. Internacionalismo. Pacifismo y Educación. (Siglos XIX y XX), que reunía a 150 inscritos que asistiron á exposición e debate de 117 comunicacións (47 na sección de "Identidades", 29 en "Internacionalismo", 15 en "Pacifismo" e 22 en "Outras contribucións"), 2 conferencias plenarias, un simposio e 2 obradoiros. Tamén, diversos actos a Facultade de Ciencias de Educación de Ourense.

O acto inaugural estivo presidido polos alcalde José Tomé Roca, quen estivo acompañado por Eugenio Otero Urtaza, presidente da Sociedad Española de Historia de la Educación,

Esther de Blas Varela, vice-reitora do Campus de Ourense (Universidade de Vigo), María del Mar Lorenzo Moledo, vice-reitora de Comunicación, Cultura e Servizos da Universidade de Santiago de Compostela, Narciso de Gabriel Fernández, catedrático da Universidade de A Coruña, Pilar García Porto, deputada de Cultura da Deputación de Lugo e Xosé Manuel Cid Fernández, presidente deste XX Coloquio-Congreso Internacional, e vicedecano da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.

No seu discurso, o rexedor monfortino manifestou que "é unha honra que Monforte sumese ao listado de cidades españolas que acolleron edicións anteriores como Sevilla, Granada, Oviedo, San Sebastián

e Santiago de Compostela porque Monforte goza dunha consolidada tradición escolar ao longo da súa historia e permite reunir aquí a investigadores consagrados. Ao mesmo tempo a organización nos permite que se constituían importantes espazos de avance e de difusión científica no campo da Historia da Educación. A Historia da Educación, é nosa propia historia, así que todo aquilo que fagamos por estudiala, recuperala e poñela en valor, é positivo non só para os docentes e investigadores, sinon tamén para o conxunto da sociedade."

As Universidades galegas (Vigo, Coruña e Santiago de Compostela) en colaboración coas universidades de Firenze (Italia), Nova de Lisboa (Por-



Acto de inauguración do Congreso na Casa da Cultura de Monforte.

tugal) e Universidade do Estado de Santa Catarina (Brasil), organizaron o Coloquio que articulouse en tres amplas seccións: Identidades, Internacionalismo e Pacifismo. Así

mesmo, creouse outra sección baixo a denominación de "Outras contribucións", na que se incluíron outras propostas relacionadas transversalmente coas tres seccións principais.

Verán Cultural do Concello de Monforte

O Concello de Monforte preparou unha ampla programación cultural, lúdica e festiva dende principios de xullo e ata finais de setembro. O alcalde, Xosé Tomé, destaca que "o noso obxectivo é ofrecer actividades moi variadas, para así darlle satisfacción a tódolos públicos; tamén queremos encher de actividades esta época do ano, na que recibimos un

maior número de visitantes". Grazas a este programa, desde o Concello axúdase a estimular a actividade económica local, posto que todas estas actividades van contribuír a que cada vez se acheguen a Monforte máis turistas.

Á hora de deseñar esta programación tamén se contou dende o Concello coa participación de varios artistas monfortinos, para que así, poidan

expresar a súa creatividade artística diante dos seus veciños e tamén para disfrutar conxuntamente do verán cultural.

Entre as actividades programadas destacar as programadas dentro do ciclo "Cultura no Camiño 2019": a Gala de Maxia do Mago Lamas e 4 magos máis, do 8 de agosto, e o concerto Swing Sentido do venres 9 de agosto. E tamén aquelas nas que colabora a



O alcalde presentou a programación para tres meses.

Deputación de Lugo: os concertos de Doc Magoos (10 de agosto), Garufa Blue Devils Big Band+Sito Sedes (11 de

agosto), Os Parentes (12 de agosto) e os concertos de David Prado e Sr. Jingles (24 de agosto).



982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo



A Xunta rehabilitará a Casa-Torre da Tinería para o turismo enogastronómico

A Xunta de Galicia rehabilitará a Casa-Torre, no barrio lucense da Tinería, para convertela nun espazo vinculado ao turismo enogastronómico. Así o anunciaron nunha visita ao inmoble o conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, e a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez.

Segundo explicou o titular de Cultura e Turismo, esta edificación, coñecida tamén como o antigo hospital de San Miguel e propiedade da Administración autonómica, pasará a ser un centro de promoción turístico e gastronómico de toda a provincia de Lugo. Román Rodrí-

guez puntualizou que, tras a súa restauración, o inmoble será cedido á Asociación de Empresarios de Hostelería e Turismo, que instalará nel as súas dependencias administrativas, o que traerá consigo “un importante forro de recursos para a entidade”.

Ademais, o edificio contará con aulas multiusos para a formación e a realización de actividades e disporá dun punto de información para os visitantes centrado na gastronomía e o turismo lucense. O titular de Cultura e Turismo sinalou que esta actuación suporá tamén a “rehabilitación dun inmoble senlleiro, dos máis antigos de Lugo”, que pertence a unha ti-

poloxía hoxe extinta, a Casa-Torre, de orixe tardomedieval.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, avanzou que será o Instituto Galego da Vivenda e Solo o que este verán licitará a redacción do proxecto de rehabilitación da Casa-Torre co obxectivo de dinamizar o Barrio da Tinería.

Recordou que a Xunta tamén acompaña este futuro proxecto coas obras de urbanización da UI-8, coa que se creará unha praza que dará acceso público ao Pazo de Dona Urraca –cuxo proxecto de rehabilitación xa está encargado–, xa que actualmente non está conectado coas rúas da contorna.



O inmoble pasará a xestionalo a Asociación de Empresarios de Hostelería.

Promoción turística

O conselleiro de Cultura e Turismo subliñou que esta actuación servirá para “dignificar o noso patrimonio e promover o turismo e a gastronomía da provincia”. Precisamente, Román Rodríguez salientou o bo comportamento da demanda turística na provincia de Lugo no que vai de

ano. Neste sentido, destacou que ata maio o número de viaxeiros creceu un 5% con respecto ao mesmo período de 2018, mentres que o número de pernoitas rexistrou unha alza do 7,2%. “Estas cifras demostran que Lugo se consolida como un destino singular no que a gastronomía ten un papel protagonista”, concreto

A Banda de Música de Sober conmemora o seu 150 aniversario



A Banda de Música de Sober no centro socio cultural.

A Banda de Música de Sober conmemora este 2019 o seu 150 aniversario coa organización de diversos actos cos que colabora o Concello de Sober. O primeiro deles foi o sábado día 13 no que a formación musical ofreceu un concerto acompañada polo grupo local ‘Os Parentes’.

Os festexos continuarán o próximo 3 de agosto ás 13 horas tamén na Praza do Concello con outro concerto en homenaxe aos seus membros.

Todos os integrantes vivos da Banda de Sober, desde os máis veteranos aos mozos novatos están convidados a reunirse de novo coa banda para tocar xuntos. Miguel Franqueiro espera que esta sexa unha xornada de fraternidade entre xeracións e boa música. “Interpretaranse pezas de baixa dificultade para que non haxa excusas para sumarse á festa”, engade. O concerto estará acompañado unha comida a prezos populares á que todos

os veciños poden acudir.

Desde a Banda de Música de Sober aseguran que estes actos axudarán a seguir facendo historia da música nun concello con enorme tradición musical. Agradecen a colaboración de todos os que farán posible a celebración deste aniversario.

Pola súa banda, o alcalde, o popular Luís Fernández Guitián, convida a todos os veciños e veciñas a participar destes actos e a seguir agRANDando a historia viva da música en Sober.

O poeta Blas Aranda ten unha placa en Doade



Blas Aranda e Antonio Rodríguez entrevistados en Ondacero.

O poeta Blas Aranda Gómez, gañador da última edición do Premio García Lorca de poesía, recibiu unha homenaxe en Doade (Sober) promovido polo seu amigo e empresario do restaurante local A Cantina, Antonio Rodríguez. “Foi unha celebración de agradecemento pola achega cultural que fixo coa súa obra a ambos os dous lados da ribeira”, comentou Rodríguez. O acto consistiu no descubrimento dunha placa en honra do poeta na praza

central de Doade e concluíu cun dos seus cantos de exaltación da Ribeira Sacra.

Asistiron ao acto a alcaldesa de Castro Caldelas e os rexedores de Parada de Sil, A Teixeira, Sober e Monforte. Tamén o vigairo xeral do Bispado de Ourense. Ao finalizar o acto servíuse un viño da subzona de Amandi.

O homenaxeado é natural de Montoudo, concello da Teixeira (Ourense), onde naceu en 1965 e vive actualmente na localidade toledana de Consuegra.

O Folión de carros de Chantada será en agosto

Presentouse o cartaz do Folión de carros nun acto ao que acudiron tanto o alumnado do IES Lama das Quendas coma a finalista do IES Val do Asma Chantada que participaron con 46 carteis no concurso de 2019 convocado pola Asociación Cultural Amigos do Folión. Asistiron o alcalde de Chantada, Manuel Lorenzo Varela, o concelleiro de Cultura, Manuel Diéguez; o presidente da Asociación Cultural Amigos do Folión, Manuel Pica Vázquez; os directores dos dous institutos: Javier Conde e Óscar Pérez e a profesora de plástica do IES Val do Asma, Lola López. A gañadora foi a alumna Nerea Rodríguez Lage de 2º E.S.O.



Nerea Rodríguez Lage con Manuel Lorenzo.

do IES Val do Asma Chantada. O seu cartel foi o elixido para anunciar o Folión de carros de Chantada deste ano. Cristina Rodríguez Rodríguez, estudante de 2º de Bacharelato do IES Lama das Quendas foi finalista. O seu

cartel foi o elixido para facer o mural pintado polos rapaces durante o verán nunha rúa de Chantada Turismo xunto a ilustradora chantadina Cristina Ouro. Este ano farase na Praza de Santa Ana (Plazuela).

Etnografía e Patrimonio no Auditorio de Chantada



Presentación da xornada prevista para agosto.

A xornada cultural e de estudo: “Etnografía, Patrimonio e Desenvolvemento na Ribeira Sacra”, que organiza os Amigos do Folión e que este ano conmemoran o 30 aniversario, celebrarase o 17 de agosto, no Auditorio Municipal e participarán 15 persoas vinculadas con esta temática. A xornada inclúe

tres mesas redondas nas que se abordarán festas similares das comunidades de León e Cantabria, así como un desfile de caretas de Reinosa. Emitirase un documental do Folión dos Carros de Miguel Carbonell e que foi realizado no 1983, e contará cunha homenaxe aos fundadores da A. C. Amigos do Folión de Chantada.




Javier Martínez no seu posto de Chantada.

Ferías e festas en Chantada

En Chantada celebranse feiras os días 5 e 21 de cada mes. A elas acude Jamones Javier Martínez, de Ourense, con ampla variedade de produtos. A firma comercial asiste a 85 feiras galegas cada mes.

Festas patronais: Cuarto domingo de Agosto, dedicadas á Virxe do Carme. Folión dous carros: Celébrase o sábado das festas patronais. Consiste na fabricación dun carro antigo para despois presentalo e desfilalo por toda a vila,

expresando como se facían as cousas antigüamente. Festa da empanada: Celébrase na Carballeira de San Lucas o último día das festas patronais e adóitase comer empanada galega en compañía de amigos e familiares. Subida a Chantada (automobilismo): a finais de xullo e é unha das carreiras automobilísticas máis importantes de Galicia. Romaría da Nosa Señora do Faro: 15 de agosto e 8 de setembro. A xente adoita subir uns 600 metros de costa de xeonllos.



Adegas Vella, Acio de Ouro para o tinto en barrica

Adegas Vella, do adegueiro de Abeleda (A Teixeira. Ourense) Jorge Feijoo, gañou o Acio de Ouro na categoría de tintos galegos con crianza en barrica. O tinto ecolóxico de Abadía da Cova (O Saviñao. Lugo) mereceu o Acio de Ouro na categoría de viños co selo do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia. A adega de Pantón (Lugo) Casa Moreiras obtivo o premio ao mellor tinto da denominación de orixe Ribeira Sacra. A Cata dos Viños de Galicia está organizada pola Consellería do Medio Rural, en colaboración cos consellos reguladores das cinco denominacións de orixe vitícolas galegas.

Por outra banda, Ribeira Sacra participou no mundial de viños extremos que se celebrou na localidade italiana de Aosta. No concurso estiveron representadas 35 adegas




Representantes de Casa Moreiras, Abadía da Cova e Adegas Vella.

desta denominación de orixe, total de 51 viños. Deles, 44 que aspiran aos premios cun son tintos e sete brancos.

A XI Festa da Palabra homenaxeaa ao poeta Antón Tovar

O poeta ourensán Antón Tovar Bobillo, nado na Pereira, Rairíz de Veiga, no ano 1921 e falecido en Ourense en xuño do ano 2014, será o persoeiro homenaxeado na XI Festa da Palabra, que se celebrará o sábado 20 de xullo, ás 12,00 h., na Ínsua dos Poetas, na Esgueva (Madarnás, O Carballiño).

Os Premios Ínsua dos Poetas, nas súas sete modalidades; Literatura, Artes Plásticas, Medio Ambiente, Acción Social, Emigración, Compromiso Empresarial e Fomento da Lingua Galega nos Medios de Comunicación serán fallados o



Antón Tovar Bobillo.

venres 19 de xullo polo Padroado da Fundación Ínsua dos Poetas. O galardón será, como en edicións anteriores, unha peza escultórica orixinal de Acisclo Manzano. O acto contará coa actuación musical de "2naFronteira", formación

integrada por Carmen Penín (Voz) e Maurizio Polsinelli (piano), e a colaboración do contrabaixista Javier Rabanal.

Antón Tovar foi un poeta galego que escribiu en lingua castelá e lingua galega, enca-

O PSdeG critica a inxustificada subida de soldo do alcalde da Gudiña



José María Lago, alcalde de A Gudiña.

O alcalde da Gudiña, José María Lago, co apoio dos seus compañeiros do Partido Popular aprobou unha subida do seu soldo, que fará que pase a cobrar 40.000 euros brutos anuais, achegándose practicamente o 100% que establece a lei para concellos das dimensións de A Gudiña. Un gasto que os socialistas consideran "excesivo" e "indiscriminado", nun concello que conta cunha débeda de case 400.000 euros.

Os socialistas critican que "namentres as rúas de A Gudiña, que en campaña electoral prometeu arranxar, xunto con estradas e parques, seguen sen recibir a intervención por parte do concello, o alcalde decide subirse o soldo, cando non se inviste nin un só euro en frear o abandono que vive A Gudiña e arranxar a desfeita nos núcleos pobacionais".

Dende o PSdeG-PSOE de A

Gudiña sinalan tamén os compañeiros do PP os que califican de "cómplices por terlle aprobado esta subida inxustificada". Dentro destes 40.000 euros brutos que pasará a cobrar o alcalde, cabe destacar que non están incluídas as dietas, nin os plenos, nos que tamén hai subida pasando a cobrar os concelleiros 100 euros por pleno, cando na última lexislatura eran 60.

Dende o seno socialista non só non comparten esta decisión, senón que a indignación é total. "O concello está para traballar pola veciñanza e non para facer negocio persoal cobrando un soldo desorbitado, namentres se abandona a vila a súa sorte porque non hai cartos para destinar a obras, debido a débeda acumulada", sinalan dende o grupo municipal socialista, que finalizan "é un insulto para a veciñanza de A Gudiña".

drado na chamada promoción de enlace. A súa obra está marcada polo pesimismo, o sentimento poético sincero e auténtico, o existencialismo, o intimismo e a preocupación social. Foi membro correspondente e de honra da Real Aca-

demia Galega.

Pasou parte da infancia en Celanova. Despois trasladouse coa familia a Ourense, onde fixo o bacharelato, recibindo clases de Ramón Otero Pedrayo, e onde pasaría a maior parte da súa vida.

O Couto Mixto ten tres novos xuíces honorarios

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, participou no nomeamento dunha nova xuíza e dous novos xuíces honorarios do Couto Mixto no que García, que tamén é xuíz honorario desde 2017, logo de lles dar os parabéns e a benvida, recordou que “o Couto Mixto é un dos símbolos de unión de galegos e portugueses, de dous pobos irmáns, na historia, na lingua e na cultura”.

As novas incorporacións son as da etnóloga e fotógrafa Mercedes Vázquez, a do profesor universitario e poeta Suso Díaz e a do presidente da Cámara Municipal de Melgaço, Manuel Batista Calçada Pombal. A seguir do acto de ingreso, representouse unha escenificación teatral da historia do Couto Mixto a cargo de Platea tras a que o público asistente tivo ocasión de gozar dun concerto de María do Ceo.

Couto Mixto

O Couto Mixto foi unha entidade política, comparable a un microestado indepen-



A cerimonia celebrouse na igrexa de Santiago de Rubiás.

dente, situado no val do río Salas e constituído polas aldeas de Santiago, Rubiás e Meaus, pertencentes aos concellos de Calvos e Randín e de Baltar. En tempo das monarquías feudais, o Couto Mixto elixía por sufraxio directo dos representantes das casas o seu rexedor (xuíz) polo tempo de tres anos. Outros privilexios desta entidade singular eran o poder elixir a nacionalidade española ou portuguesa, dar asilo aos fuxidos da xustiza de España e de

Portugal, non dar soldados nin pagar impostos a ningún destes reinos ou ter liberdade de comercio e de cultivos.

Coa firma do Tratado de Lisboa (1868) os dominios do Couto Mixto quedaron baixo a soberanía de España. En contrapartida, pasaron á soberanía portuguesa as poboacións de Soutelinho, Lamedarcos e Cambedo, cuxos presidentes foron nomeados hoxe xuíces honorarios pola Asociación de Amigos do Couto Mixto.

O Concello de Riós recibiu da Xunta máis de 2,5 millóns de euros desde 2015



Marisol Díaz e Armando Veiga.

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, recibiu no seu despacho ao alcalde do Concello ourensán de Riós, Francisco Armando Veiga Romero, rexedor desta localidade desde hai 26 anos. Esta xuntanza enmárcase nunha rolda de contactos cos alcaldes da provincia que Díaz Mouteira iniciou a mediados de xullo co obxectivo de facer balance da colaboración autonómica durante os últimos catro anos, así como analizar a marcha daqueles proxectos que está a desenvolver o Goberno galego neles.

A representante do executivo autonómico en Ourense expresoulle a Veiga Romero “todo o apoio, diálogo e cooperación da Xunta” co fin de obter a coordinación necesaria coa Administración local para dar resposta ás demandas dos veciños e veciñas e mellorar súa calidade de vida.

Marisol Díaz lembrou que nos últimos catro anos este municipio recibiu do Goberno

galego achegas por un importe de máis de 2,5 millóns de euros. Así, as diferentes consellerías da Xunta concederon ao municipio de Riós máis de 608.000 euros en materia de subvencións; máis de 1,3 millóns de euros en convenios; e máis de 640.000 euros pertencentes a outras actuacións.

A delegada territorial subliñou que as achegas da Administración autonómica posibilitaron a mellora de infraestruturas de uso público e de estradas, distintas iniciativas relacionadas coa prevención e defensa contra os incendios forestais, a captación e acometida de auga ao depósito de Vendas da Barreira, a arranxo da contorna da igrexa de Santa María, a posta en marcha de varios obradoiros de emprego conxuntamente con outros concellos, a recuperación do miradoiro paisaxístico de Fumaces, e o saneamento en Florderrei, entre outras actuacións.

Policía Local contará con novos efectivos máis en prácticas

O alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, recibiu no salón de plenos os novos policías locais en prácticas cos que contará o Concello de Ourense. Estes nove efectivos, que deberán superar o proceso formativo en réxime de prácticas, non se incorporarán ao corpo municipal até o inicio de 2020, cando poderían tomar posesión do cargo.

O alcalde de Ourense animou



O alcalde coa xefa da Policía Local e os axentes en prácticas.

os novos axentes para que poidan incorporarse ao corpo

canto antes debido ao déficit de axentes cos que conta a cidade. Nestes momentos, existen 90 policías, mandos incluídos. Pero entre xubilacións e xubilacións anticipadas, Ourense podería sufrir a baixa de até 18 axentes, o dobre dos que se incorporarían.

Así mesmo, o alcalde manifestoulle o seu agradecemento á Policía Nacional por acoller de bo grado, na Xunta Local de Seguridade celebrada a pasada semana, a proposta de aceptar parte das tarefas administrativas de denuncias que actualmente asume a Local.

Medio século de Albor

Albor, Sociedade Cultural, Artística, Recreativa e Deportiva do barrio ourensá do Couto, cumpriu 50 anos xa que logo constituírase na primavera do ano 1969. O seu fundador foi Felisindo Arce e co-



A Semana Cultural foi en maio pasado.



Unha das celebracións de Albor na rúa Greco, 8

mezou a súa andadura na rúa Murillo 2. Actualmente está en rúa Greco, 8 e o seu presidente é José Alfonso Muñiz desde fai catro anos.

Logo de celebrarse a Semana Cultural en maio, preparase a programación para Nadal e Reis aínda que en outubro haberá eleccións á xunta directiva. Os douscentos socios haberán de elixir presidente entre os candidatos que se presenten.

Seguros Servizos Ourense ☎ 678 578 161 📞 988 044 834 www.servizosourense.es	CARNICERÍA MARIVAN abierto los domingos C/Faustino Santalices - esquina Pablo Picasso - Ourense Tlf. 639 58 04 30	jba servicios inmobiliarios Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense ☎ 988 10 20 75 ☎ 629 83 67 48 www.inmobiliariajba.com jba.couto@ymail.com	Orixe PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN 988 60 70 75 Diseño - Impresión - Rotulación - Merchandising www.orixepublicidade.es Rúa Francisco de Moure 20 - Ourense
---	--	---	---

Losca C/ Ervedelo, 15 - ourense ☎ 988 23 44 99 698 14 82 07	VEN... Promoción Especial www.clubtosca.es <i>Sala de Fiestas Music-Hall</i> cerramos los domingos
--	---

A polbería A Feira premiada na Gala de Tapas de Galicia



O presidente de Galicia con Paco Gómez. Casiano, preparando o polbo.

Francisco Gómez, do restaurante-polbeira A Feira de Ourense e Alejandro Ares, do restaurante os Cachivaches de Lugo, foron recoñecidos polo xurado profesional e polo popular, respectivamente, como os mellores cociñeiros de pe-

tiscos e tapas da V Gala de Tapas por Galicia da Xunta. No acto participaron os cociñeiros dos mellores restaurantes das 7 grandes cidades galegas. O premio do xurado profesional recaeu no chef ourensán Paco Gómez pola súa tapa Mantiña de casta-

ñas. Ademais dos premiados mencionados, o público premiou tamén os petiscos de Rubén González, do Cafetín, e de Tomás Rubio, da Viaxe de Santiago, co segundo e o terceiro premio, respectivamente, do devandito xurado. O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, animou a seguir apostando pola calidade dos produtos galegos e salientou que a nosa gastronomía é a segunda razón

pola que os turistas visitan Galicia. Durante a celebración do Encontro Internacional de Cociñeiros Cociña + Conciencia, Feijóo subliñou que Galicia Calidade non é só unha marca, "senón que é a nosa tarxeta de presentación", dixo, aseverando que

a Xunta seguirá comprometida coa gastronomía co obxectivo de que siga a ser un dos eixes estratéxicos de

noso modelo turístico, como se reflicte nas máis de 300 festas enogastronómicas coas que conta a autonomía.

Importadores de Polbo



Joris Geraedes, segundo pola dereita.

Joris Geraedes Froncon-sur, é representante dunha empresa importadora de polbo que suministra o cefalópodo de mellor

calidade de Mauritania a clientes de Galicia. Na foto, xuntanza con empresarios ourensáns do sector da hostelería.



Rúa 8, Parcela 10 - Polígono San Cibrao das Viñas
32901. (Ourense).
Tfnos: 988 247 614 - 601 info@madisor.es



Ervedelo, 83.
O Couto
(Ourense)



Carroleiro, 2 - Ceboliño

Galicia

Redacción OURENSE

Despoi da treboada chegou... a Festa do Asneiro

Despois da forte treboada que descargou con grande aparato eléctrico, fortes choivas, granizadas e ventos fortes que derrubaran ata árbores por riba da carpa, o sábado 13 de xullo presaxiábanse malos augurios para a segunda Festa do Asneiro, na área biosaudable de entre ríos, a cabalo das parroquias de Vilanova e Doade, no Concello de Lalín.

Mais a climatoloxía mudou e agarimou o domingo 14 de

xullo, con un día soleado e apacible. Os preto de 250 festeiros que se achegaron, con gañas de disfrutar da marabillosa paisaxe do alto Deza, das ricas viandas e das actuacións de o grupo de gaitas Os Trasnós de Doade, Os Violíns de Vila de Cruces e actuación estelar do polifacético cantante e compositor ourensán Marcos Pardo.

O evento foi organizado por Manuel Blanco Villar, responsable do maior museo etnográfico de Galicia "A Casa do

Patron" en Codeseda Doade, e Avelino Jácome de Orixe Publicidade de Ourense. Colaboran distintas organizacións veciñais: Asociación amigos do Museo Casa do Patrón, Asociación de veciños dos Muíños, Asociación de veciños O Croio de Doade, Asociación de veciños San Xoán de Vilanova e Asociación de Mulleres en Igualdade e a Diputación de Pontevedra.

Preto de medio cento de ourensáns, dentro do marco



Participantes da segunda Festa do Asneiro.

de irmandade que se ven artellando entre a cidade das Burgas e Lalín, representantes da cultura, da música e da festa asistiron aos actos. A festa arrincaba as 13 horas

coa sesión vermú e estendeuse ata as nove da noite, cando os máis festeiros deron remate bailando os sons da melódica voz de Marcos Pardo que pechou a xornada.

25 DE XULLO

DÍA DE
GALICIA

*“Moito que
festexar,
moito máis
que vivir!”*

FESTEXA GALICIA



galicia calidade

XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo 2021

VI curso sobre protocolo para os novos tempos

Os próximos 25 e 26 de outubro desenvolve-rase o VI curso de extensión universitaria sobre “O novo protocolo para os novos tempos”, convocado pola UNED, en colaboración coa delegación territorial en Galicia da Asociación Española de Protocolo, no Centro Cultural “Marcos Valcárcel” de Ourense.

Este ano estará dedicado ao tema “A linguaxe vexilolóxico. As Bandeiras e o seu Protocolo”. Terá unha duración total de 20 horas lectivas presenciais. O obxectivo do curso é concienciar da necesidade da utilización correcta dos símbolos representativos de países, institucións e organizacións nacionais e internacionais. O uso das bandeiras é algo imprescindible se falamos de temas de protocolo. Non hai encontro, reunión, recepción, ou calquera outro tipo de acto onde non figuren as bandeiras, xa sexa dentro do ámbito internacional, nacional, autonómico ou local. O termo técnico, utilizado para definir o estudo das bandeiras é co-

ñecido como “vexilología”.

Está dirixido a calquera persoa que terminase os seus estudos superiores e desexa un grao de especialización determinado. Profesionais do Dereito, Ciencias Económicas, Ciencias Políticas e Sociais, que necesiten destes coñecementos para o ámbito das súas relacións laborais. Traballadores de empresas, administracións públicas, organizacións ou asociacións relacionadas ou vinculadas co goberno central ou gobernos autonómicos, e que necesiten establecer relacións institucionais con eles ou con outras institucións. E en definitiva calquera persoa interesada en realizar un achegamento ao mundo do protocolo.

O curso comeza o venres día 25 de outubro ás nove da mañá coa intervención de Juan José Feijoo Sánchez, delegado territorial en Galicia da Asociación Española de Protocolo e Coordinador do Curso quen falará

sobre “Linguaxe protocolaria da Bandeira. Usos correctos e incorrectos”.



Juan José Feijoo Sánchez.

A LVII Festa do Pulpo presentarase en Xixón

O espazo de eventos A feira-La Llorea Golf, situado preto de Xixón, será o lugar no que se presente a LVII Festa do Pulpo, cuxa edición se lle dedica a Asturias. A data foi proposta polo gabinete da Alcaldía de Xixón, xa que era a única dispoñible a finais deste mes de xullo para que poidese asistir a alcaldesa da cidade, Ana González. Para establecer tanto a data como a organización do evento, desprazáronse ata Xixón os concelleiros de Turismo e Cultura, Manuel Dacal e Diego Fernández, respectivamente.

Mantiveron unha reunión no concello de Xixón co xefe de gabinete da alcaldesa, Celso Ordiales; co presidente da



Reunión celebrada en Xixón.

Asociación de Hostelería de Xixón, Ricardo Álvarez, e con Miguel Ángel de Dios, cofrade maior do Desarme de Oviedo, festa declarada de interese turístico rexional. O acto de presentación terá lugar ás 13,00 h., e ao remate haberá unha degustación dos produ-

tos típicos da Festa do Pulpo como son empanada, pulpo a feira e carne ao caldeiro. Ao acto acudirán autoridades dos concellos de Xixón, Avilés e Oviedo, así como dos medios de comunicación do Principado de Asturias, entre outros convidados.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

Opinión

Por Manuel Estévez

A pintura relixiosa na obra de Xavier Lemos

Na actualidade inspírase na Igrexa de Ventosa (A Golada), coñecida como a "Catedral do Románico", para un novo reto pictórico.

Meus primeiros debuxos foron os vitrales da Igrexa da Soledad, nas faldas do Monte Castro. Neles, están representados, seis dos sete doreiros da Virxe e dos amores de Monseñor Eijo Garay, O Cristo da Victoria e Asunción de María, patroa da cidade, entre outras".

Aconteceu despois de cumprir as obrigacións militares e despois daquela aventura na Feira Mundial da Pesca que deu lugar a varios titulares nos xornais como El Pueblo Galego- "Un polizón a bordo da Feira Mundial da Pesca". Embarcou as Illas Baleares, onde pinta varios retratos, entre eles do Papa Xoan Pablo II, encargo por parte do Concello de Palma, ante a posibilidade de que visitara as Illas.

O retrato é o xénero que mellor domina e prova evidente da súa maestría, está nos personaxes públicos que ao longo da súa traxectoria trasladou as telas, o mesmo Rei de España, Xoan Carlos I ou os ex-presidentes do Real Clube Celta, o actual Carlos Mouriño, Horacio Gómez e mesmo xogadores, Mostovoi e Gudelj, entre outros personaxes públicos, sen esquecer aqueles outros óleos asinados por Lemos, que presidiron o Real Clube Nautico de Vigo, e os relixiosos San Ignacio de Loyola patente na Igrexa dos Xesuitas de Vigo; de Escrivá de Balaguer, noutrora colocado no despacho que Monseñor Rouco Varela en Santiago de Compostela; San Martín de Tours, na parroquia de Coia (Vigo); o Fundador

da Orden do Coxegio Amor de Dios na Avenida de Samil ou tamén aqueloutro da toma de posesión do Párroco, Xoán Carlos Rial de San Miguel de Bouzas, onde alen da súa figura aparecen retratados o Obispo, Monseñor Luís Quinteiro Fiuza e o sacerdote diácono alen do cadro do Papa Francisco na mesma parroquia de San Miguel de Bouzas.

"2000 Anos despois de Cristo" ou a "Festa da Reconquista", destacadas exposicións ao longo da súa traxectoria. En ambas dúas aparece a figura de Cristo, maxistral a que aflora na representación plástica daquel ano 1809 ano dun alzamento popular que conseguiu expulsar aos franceses que previamente habían ocupado la cidade de Vigo.

Na actualidade inmerso nun reto que ten como icono as pinturas románicas da Igrexa de Ventosa e as imaxes, en terras dezáns de A Golada, pertencente a diocese de Lugo, coñecida como a "Catedral do Románico", xoia arquitectónica, probablemente noutros



días estivera no lugar de Os Chaos, unha obra dirixida polo mesmo mestre Mateo, pois perto deste lugar, en Carboeiro, existía un obradoiro ata onde se trasladaba o autor do Portico da Gloria para reunirse cos alumnos, canteiros da bisbarra.

María Yáñez aborda os desafíos para os medios en galego nun escenario de cambio

A directora da revista dixital Vinte, María Yáñez, analizou nos Cursos de lingua e cultura galegas "Galego sen fronteiras" as oportunidades e os desafíos para o idioma nos medios de comunicación no mundo dixital. A xornalista ofreceu ao alumnado dos cursos coordinados pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega, procedente de vinte países de Europa, América, Asia e África, un breve

percorrido pola historia do xornalismo en galego desde a aparición d'O Tío Marcos da Portela, en 1876, ata o escenario actual, "un momento crítico tanto para a lingua como para o xornalismo", valorou.

"Hoxe os medios de comunicación nunha lingua minorizada como a nosa teñen que pensar moi ben a súa estratexia para mantela viva entre a xente nova, que cada vez consome menos medios de

maneira tradicional, non le o xornal nin ve a televisión", salientou a xornalista, á fronte dunha publicación de sociedade, cultura e tendencias que aposta forte polos contidos audiovisuais e pola presenza nas redes sociais máis empregadas pola mocidade.

María Yáñez lamentou a escaseza de medios de comunicación tradicional en galego e botou en falta "certa masa crítica" de iniciativas no eido dixital, con frecuencia—



dixo— pequenas e voluntaristas, pero mostrouse convencida de que o idioma do país ten futuro en Internet. Proba diso, concluíu, é a boa receptividade da audiencia

aos contidos creados en galego. "Conseguen un engagement brutal, achegan un valor emocional que fai que teñan máis gústames nas redes sociais".

www.novasdoeixoatlantico.com

O NOSO É MOITO, COMPARTAMOS A SÚA MAXIA.

A MAXIA DO NOSO

vivamoscomogalegos.com

AXUDA A TODOS OS REPUNANTIÑOS QUE POIDAS ;)

Vivamos como galegos! **GADIS**

Gonzalo Caballero require a Feijoo que “aclare” o calendario electoral e que acometa o relevo da Valedora do Pobo

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, requiriu hoxe ao presidente da Xunta que “aclare” a data na que ten previsto convocar as eleccións autonómicas, despois de tres anos que se caracterizaron polas súas dúbidas sobre se marchaba ou non para Madrid.

“Que nos diga con claridade se vai haber eleccións autonómicas a final de lexislatura, ou baralla outras alternativas”, recalcou Gonzalo Caballero tras acudir á Cámara para acreditarse como deputado despois de case dous anos compatibilizando a súa profesión como docente universitario e secretario xeral do PSdeG.

“Nós estamos preparados para calquera escenario”, aseverou o líder dos socialistas galegos, para urxir a Feijóo que clarifique se está en con-

dicións de concluír o ano que queda de mandato “con dignidade e coa responsabilidade que merece o cargo”.

“Que respecte a opinión de moitos galegos que non lle deron o seu apoio ao PP, e que deixe de xogar ás promesas a longo prazo”, recalcou Gonzalo Caballero, á vista de que en apenas uns meses os galegos terán nas súas mans decidir quen dirixirá a sanidade, a demografía ou o turismo.

En paralelo, o secretario xeral do PSdeG reclamou a Feijóo que “non deixe pasar un día máis sen facer dimitir á Valedora do Pobo”, toda vez que a institución “segue ensuciada por unha sentenza xudicial” que amosou unha contratación irregular que “mancha” ao PP e máis ao órgano estatutario.

“UNHA NOVA ETAPA”

No que atinxe á súa entrada no Parlamento, Gonzalo Caballero explicou que “hai case dous anos fun elixido secretario xeral para abrir unha nova etapa no partido” coa finalidade de “abrir un novo tempo político en Galicia”.

Dentro dese obxectivo, e cumprindo o compromiso feito durante as primarias, compatibilizou a súa vida profesional como docente coa vida política, “para amosar que un chega á política coa vida resolta e para facer un servizo público”. “O cargo político vai detrás de calquera outra prioridade e detrás do interese colectivo”, resumiu.

Durante eses primeiros dous anos, engadiu, fixo “un traballo intenso” no partido e “de cara á sociedade” para amosar que “o PSdeG é a alternativa real para o futuro de Galicia”. “E



neste tempo avanzamos posicións, consolidamos ao PSdeG como a opción para a alternancia en Galicia”, subliñou Gonzalo Caballero.

Agora, profundou, chega á Cámara como consecuencia da renuncia ao escano de Abel Losada, agora en tarefas de goberno no Concello de Vigo.

“Cos tempos que se foron

dando, sen buscar un atallo para ocupar un cargo, estamos en condicións de dar a Galicia un goberno progresista, de esquerda e de futuro”, concluíu, consciente de que a maioría parlamentaria que hoxe ten Feijóo non se corresponde coa nova maioría social que emerxeu nas urnas nas tres últimas convocatorias electorais.

0 "picnic pop" de "Vive Nigrán", segunda cita dos #festivaisriasbaixas

Vive Nigrán collerá o 19 e 20 de xullo a temuña de PortAmérica nos #RíasBaixasFests

Música, gastronomía, obradoiros infantís, novas actividades acuáticas con bautismos de kayak e surf, ou unha travesía en catamarán ata ás Illas Cíes con concerto e tapas a bordo, son so algunhas das citas que ofrecerá este ano o Festival “Vive Nigrán”, integrado na marca “RíasBaixasFests, o círculo que agrupa aos sete grandes festivais do verán na provincia, que promove a Deputación de Pontevedra. A presidenta Carmela Silva asistiu hoxe en Praia América, xunto a Monte Lourido, á presentación desta terceira edición do Festival que se desenvolverá na fin de semana

do 19 e 20 de xullo.

A presidenta da Deputación lembrou “a grande idea do alcalde Juan González fai tres anos de que Nigrán tivese un festival potente e de calidade” e felicitou igualmente á organización por “arriscados e valentes que conseguiron consolidar este evento”. Carmela Silva recordou que a maior parte do turismo que ven a provincia “non so busca sol e praia senón ocio e cultura, polo que os Festivais Rías Baixas xa son unha marca propia que pon á provincia no mapa dos grandes circuitos”. A presidenta provincial confirmou que a Deputación, como no resto dos festivais, terá en



Vive Nigrán unha carpa propia de igualdade para previr o acoso e as agresións sexuais coa campaña “Eu decido, ti respectas”, e outra da campaña “Experiencias Sostibles” que este ano está a concienciar na loita contra os plásticos.

Este ano en Vive Nigrán repetirase a excelente combinación de boa música, gastronomía, lecer, ambiente familiar e

un paradisíaco emprazamento “a 20 metros do mar”, como lembrou o promotor Juan Rivas. O Director do certame subliñou que a gran novidade do cartel dos concertos será Novedades Carminha, xunto a Ángel Stanich, As Chillers, Hidrogenesse, Meneo, Delafé, Os Nastys, Os Vinagres, Monterrosa ou Adriana Proenza entre outras bandas. Amais, haberá obradoiros e ac-

tividades para todos os públicos aínda que este ano hai que destacar a travesía en catamarán con música e tapas a bordo que terá lugar o xoves 18 de xullo, e o sábado haberá entrada gratuíta ata as 18.00 horas. A gastronomía, con produtos da terra, será novamente protagonista, aínda que combinará as tapas de deseño coa tradicional presenza de pulpeiros.

Humor sobre Dereitos Humanos

Por Francisco Puñal Suárez
Organizada polo Museu Nacional da Imprensa, da cidade portuguesa de Oporto, e promovida pola Fundación Manuel Antonio Mota, esta exposición de caricaturas na sé do Museu, constitúe unha homenaxe aos 70 anos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que segue sen cumprirse en moitas partes do mundo.

O humor gráfico, unha vez máis, ratifica o seu valor como exercitador da mente, como instrumento de reflexión e de crítica

ante as arbitrariedades e inxustizas que se cometen a diario en todo o planeta, ao saír en defensa da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, aprobada tralo final da Segunda Guerra Mundial, o 10 de decembro de 1948, en París. É evidente que queda un camiño longo que percorrer neste sentido.

Para Luís Humberto Marcos, director do Museu Nacional da Imprensa e curador da mostra, “o humor é unha bandeira para as grandes causas. A caricatura é unha boa embaixadora que nos fai rir e pensar. Con humor

pensamos mellor nos dereitos humanos”.

No Museu, (<http://www.museudaimprensa.pt/>) cuxa sé é: Estrada Nacional 108, Non. 206 ,xunto á Ponte do Freixo, Oporto, esta exposición permanecerá aberta até decembro do 2019, coa inserción mensual de novos debuxos, o que constitúe unha homenaxe de forma contínua á conmemoración dos 70 anos da Declaración.


Esta mostra internacional ten o apoio institucional da Comisión Nacional da Unesco, de Portugal.



Ali Sur, Turquía



Bonil, Ecuador



Dalcio Machado, Brasil




Vasco Gargalo, Portugal



David Vela, España



Guo Zhong, China



Raúl Zuleta, Colombia



Mehdi Afradi, Irán

34º Folk Monção “O Mundo a Dançar”

De 27 de julho a 5 de agosto

Com organização do Grupo Folclórico da Casa do Povo de Barbeita, o 34º Folk Monção “O Mundo a Dançar” promete voltar a encantar milhares de pessoas nos espetáculos a realizar no Alto Minho (Monção, Barbeita, Melgaço, Valença, Vila Nova de Cerveira, Paredes de Coura, Ponte de Lima, Arcos de Valdevez e Ponte da Barca) e na Galiza (Salvaterra de Miño e Vilanova de Arousa).

Na presente edição, a decorrer entre 27 de julho e 4 de agosto, marcam presença neste festival, um dos mais reconhecidos a nível nacional com certificação CIOFF desde 2006, grupos oriundos de Benim, Bolívia, Chile, Croácia, Filipinas, Japão, México, Portugal, Rússia

e Sérvia, envolvendo cerca de 500 elementos.

Os espetáculos de abertura e encerramento conhecem um novo local, passando da Praça Deu-la-Deu para o Parque das Caldas, estando ainda prevista a iniciativa “Noites de Folk e Gastronomia Mundial”, no mesmo local, onde o público terá a oportunidade de complementar a música e dança dos grupos estrangeiros com a gastronomia típica daqueles países.

Durante o festival, os participantes ficam alojados na EB 2.3 de Monção em beliches nas salas de aulas. Nestes dias, 120 voluntários (cozinha, limpeza, logística, guias, intérpretes), alguns estrangeiros, vão ajudar a organização na realização do evento.



PROGRAMA

27 JULHO – SÁBADO

BARBEITA

22H00 – Gala D’Aliança – Largo da Ponte do Mouro
Grupos: Bolívia – Chile – Filipinas – Portugal

28 JULHO – DOMINGO

MONÇÃO

22H00 – Gala Deu – La – Deu – Parque das Caldas de Monção
Grupos: Benim – Bolívia – Chile – Croácia – Filipinas – Japão – México – Portugal – Rússia – Sérvia

29 JULHO – SEGUNDA-FEIRA

MONÇÃO

11H00 – Receção oficial aos grupos pelo Município de Monção

PAREDES DE COURA

22H00 – Espectáculo no Largo Visconde de Moselos
Grupos: Benim – Croácia – México – Sérvia

SALVATERRA DO MIÑO

22H30 (Hora de Espanha) – Espectáculo nas muralhas
Grupos: Bolívia – Chile – Filipinas – Japão – Rússia

30 JULHO – TERÇA-FEIRA

MONÇÃO

20H00 – Noites do Folk – Festa recepção aos grupos / Caldas de Monção

31 JULHO – QUARTA-FEIRA

ARCOS DE VALDEVEZ

22H00 – Espectáculo no Anfiteatro junto da Ponte Nova
Grupos: Bolívia – Croácia – Japão – Rússia

VILA NOVA DE CERVEIRA

22H00 – Espectáculo no Terreiro
Grupos: Benim – Chile – Filipinas – Sérvia

1 AGOSTO – QUINTA-FEIRA

MONÇÃO

10H00 – Desfile – Ateliers de dança (Percurso pela feira semanal e várias ruas da vila)
Grupos: Benim – Bolívia – Chile – Croácia – Filipinas – Japão – México – Portugal – Rússia – Sérvia

PONTE DE LIMA

22H00 – Espectáculo no centro da vila
Grupos: Bolívia – Chile – Croácia – Filipinas – Japão – México – Rússia – Sérvia

2 AGOSTO – SEXTA – FEIRA

MELGAÇO

22H00 – Espectáculo no largo da Câmara

Grupos: Benim – Bolívia – Croácia – Rússia

PONTE DA BARCA

22H00 – Espectáculo no centro da vila
Grupos: Filipinas – Japão – México – Sérvia

3 AGOSTO – SÁBADO

VALENÇA

22H00 – Espectáculo no Jardim Municipal
Grupos: Benim – Chile – México – Rússia

VILA NOVA DE AROUSA

22H30 (Hora de Espanha) – Espectáculo no Xardin Umbrio
Grupos: Bolívia – Filipinas – Japão – Sérvia

4 AGOSTO – DOMINGO

MONÇÃO

22H00 – Gala do Alvarinho/encerramento – Parque das Caldas de Monção
Grupos: Benim – Bolívia – Chile – Croácia – Filipinas – Japão – México – Rússia – Sérvia

NOITES DO FOLK – GASTRONOMIA MUNDIAL COM ESPECTACULO MONÇÃO

De 27 de Julho a 4 de Agosto: Das 20 às 23H00 – Espectáculo e restauração de gastronomia mundial Caldas de Monção.

